

Festín esperpéntico

Xosé Carlos Caneiro e a Editorial Galaxia agasállannos aos lectores deste país cunha novela de máis de setecentas páxinas. Unha novela que ao menos pesa por fóra, como diría un dos máis tenros personaxes da mesma, para quen as novelas que non pesan por fóra, dificilmente pesan por dentro. A ecuación non así de sinxela e cómpre, xa que logo, cravarlle o dente a estas setecentas páxinas de Caneiro para nos decatarmos se a súa novela tamén pesa por dentro ata o punto de cambiarlle a vida ao lector, como retrucaría a meretriz de alta escala, dona de “O Gatopardo”, o prostíbulo / pensión onde se desenvolve boa parte do relato.

Con esta ambiciosa novela – océano,

A vida nova de Caneiro

FRANCISCO
MARTÍNEZ BOUZAS

liares brinquedos fónico – semánticos e, sobre todo, do universo propio do autor. Un universo ou macrotexto gobernado pola procura desa novela total, que ten moito de filosofía e na que non ten cabida a acción, as aventuras nin a novela negra.

A *vida nova de Madame Bovary* é en boa medida a recreación do mito flaubertiano. A novela, en efecto, conta a historia dunha Madame Bovary do noso século. Hermelinda, unha muller que racha con vinte anos de tedio e amor aburrido e se refuxia nunha pensión, “O Gatopardo”,

bullo, é agora un “hotelito” no que recalcan inquietos amorferidos, algún letaferrido e case que todos desnortados. A patroa, que fóra puta como podería ter sido costureira; a muller orate; un poeta e ladrón; unha psiquiatra deprimida; un xornalista especializado en soños e contrasoños; o profesor que se cree bispo perseguido polos templarios; unha andrófoba incurable... Personaxes que soñan sen saber que soñan e que converten a realidade en soño e o soño nunha forma de vivir, que non é outra que a pena, o amor, a infelicidade que lle dá o auténtico sentido ao amor. Que acontece en “O Gatopardo” onde cada hóspede avanza en extravagancias ao anterior? Nada, agás ese andazo incurable do amor / desamor. Os hóspedes na primeira parte do texto contan historias de amor, as tristes penas do amor e tamén algunha falcatrada erótico – sentimental. Na segunda, pola contra, viven máis fóra que dentro. Máis nos bares de copas que no “faldadoiro beatífico” de dona Aurorita.

OS PERSONAXES

FESTEXAN,

TALVEZ

DEMASIADO, A

GRAN LITERATURA

Caneiro pois, nesta novela non se reinventa como autor porque os motivos temáticos son os mesmos da súa obra anterior. Pero iso si: consegue artellar unha novela que, superando o discurso denotativo, abraza ao lector, non quizais ao lector común, senón ao lector cómplice mergullado xa nese “mundo Caneiro”. Non estamos diante dunha novela complexa, pero *A vida nova de Madame Bovary* non é doada de ler por esas constantes reiteracións, sobreabundancias e intertextualidades. O escritor reprime certos excesos como as digresións metaliterarias, mais non a intertextualidade: en infinitas historias e con interminables parágrafos os seres marxinais e perdedores de “O Gatopardo” festexan a gran literatura de todos os tempos. Festexana talvez demasiado.

CANEIRO, Xosé Carlos, *A vida nova de Madame Bovary*, Ed. Galaxia, Vigo, 2008, 706 páxinas.



o escritor de Verín pretendese reinventarse coma autor. A vida nova de Caneiro que, conservando a súa estética peculiar, acomete un cambio de traxectoria que, na miña estima, ten como resultado unha novela moito máis lexible. A novela máis lexible de Caneiro. Unha novela mesmo divertida e ategada de humor, poboada de personaxes desnortados e das súas estrafalarías angueiras e desvarios. Un verdadeiro festín esperpéntico. Mais, como dicimos, sen sairse da súa estética, deses pecu-

co a pretensión de converterse no que sempre soñara: unha sedutora, unha Emma Bovary na busca da felicidade. No seu bobarismo, atópase cunha mancha de personaxes en estado de insatisfacción crónica. Personaxes condenados ao amor / desamor, á esperanza e, por veces, só á espera. “O Gatopardo”, que fora un prestixioso prostí-